

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.<sup>a</sup>,  
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS  
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E  
SERVIZOS**

Día: 30.11.2017      Hora: 10:30

A Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 30 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Preguntas**

- 1.1 14644 (10/POC-002707)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e 4 máis  
Sobre as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento das obras de construción e conexión ferroviaria ao porto exterior da Coruña, así como a modificación do Real decreto 707/2015, para os efectos de amparar a axuda e o financiamento directo de Portos do Estado ás obras de accesibilidade terrestre aos portos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017*
- 1.2 15507 (10/POC-002812)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Prado, Martín e 7 máis  
Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para adaptar os vehículos que prestan o servizo de taxi ás persoas con diversidade funcional  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175, do 14.09.2017*
- 1.3 17239 (10/POC-002946)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento do compromiso derivado do Plan de transportes, e a subrogación dos 14 traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús da Mariña lucense pola nova empresa adxudicataria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017*
- 1.4 17814 (10/POC-003000)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa colaboración económica na expropiación de 700.000 metros cadrados de montes veciñais en man común para a construción dun campo de golf no concello de Baiona  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017*

- 1.5 19331 (10/POC-003172)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da negociación con Sogama e Gesuga do desvío do núcleo urbano de Ordes dos camiións que están a transportar o lixo ás súas plantas con fin de evitarlles aos veciños as molestias e incomodidades que ocasionan  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017*
- 1.6 19451 (10/POC-003193)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Fernández, Raúl e 2 máis  
Sobre o coñecemento do Goberno galego do recorte levado a cabo no número de prazas do eixe atlántico ferroviario Vigo-A Coruña, en especial os luns e venres, así como os prexuízos que está a ocasionar esta decisión ás persoas usuarias e as súas previsións en relación coa adopción dalgunha medida ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017*
- 1.7 19894 (10/POC-003249)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis  
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso ante o Goberno central da transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun consorcio público que lidere este reto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017*

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 22/11/2017 14:16:58**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2.<sup>a</sup>, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

|                       |    |
|-----------------------|----|
| Presidente            |    |
| Jaime Castiñeira Broz | P  |
| Vicepresidenta        |    |
| Marta Nóvoa Iglesias  | P  |
| Secretario            |    |
| Antón Sánchez García  | EM |

## Vogais

|                                     |     |
|-------------------------------------|-----|
| Xosé Luís Bará Torres               | BNG |
| Marcos Cal Ogando                   | EM  |
| Raúl Fernández Fernández            | S   |
| Martín Fernández Prado              | P   |
| Jacobo Moreira Ferro                | P   |
| María Luisa Pierres López           | S   |
| María Julia Rodríguez Barreira      | P   |
| Gonzalo Trenor López                | P   |
| Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna | P   |

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 30.11.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 14644(10/POC-002707)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 4 máis

Sobre as demandas que vai realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co financiamento das obras de construción e conexión ferroviaria ao porto exterior da Coruña, así como a modificación do Real decreto 707/2015, para os efectos de amparar a axuda e o financiamento directo de Portos do Estado ás obras de accesibilidade terrestre aos portos

*Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Manuel Lago Peñas, Francisco Casal Vidal e Luca Chao Pérez, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>**, relativa á conexión ferroviaria do Porto Exterior da Coruña.

1.-O BOE do 26 de xuño de 2017, publicou a Resolución de 13 de xuño pola que se aproba a Declaración de Impacto Ambiental do Proxecto de conexión ferroviaria ao Porto Exterior de Punta Langosteira.

A formulación da DIA posibilita, previos algúns axustes, trámites e informes sectoriais, a redacción e aprobación definitiva do proxecto construtivo e a execución das obras, de existir, que non é o caso, dotación orzamentaria.

En calquera caso, compre deixar constancia do notable retraso na aprobación dunha DIA cuxo trámite deu comezo, nada máis e nada menos que en marzo de 2012 (entrada do expediente no órgano ambiental) e permanecendo, no último trámite, algo máis dun ano na Dirección Xeral de Calidade Ambiental do Ministerio á espera dunha formulación dunha DIA para a cal tiña o prazo máximo legal de tres meses.

Algo máis de cinco anos de tramitación dunha DIA requisito previo para a urxente e imprescindible conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña.

E dicimos imprescindible tamén para a redacción definitiva do proxecto construtivo, e posterior tramitación e aprobación do mesmo. Un proxecto construtivo cuxa redacción foi adxudicada en xuño do 2016 pero que estaba condicionado pola aprobación definitiva do estudo informativo e Declaración de Impacto Ambiental.



A aprobación da DIA remove un dos requisitos para a execución das obras, pero non solventa o trascendente e decisivo, que non é outro que a dotación orzamentaria para a execución dunha infraestrutura fundamental para a viabilidade e plena operatividade do porto exterior e para o correlativo sostemento económico-financeiro da Autoridade Portuaria.

2.- Este Grupo de En Marea lembra que a Comisión 2.<sup>a</sup>, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, en sesión celebrada o día 15 de marzo de 2017, e por unanimidade, prestou aprobación a unha proposición non de lei, presentada por este mesmo Grupo de En Marea, co seguinte contido resolutivo :

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Dirixirse ao Goberno español para exixir a axilización do proceso administrativo, estudo informativo, declaración de impacto ambiental e proxecto construtivo da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.
- 2) Esixir ao Goberno do Estado unha dotación orzamentaria para o ano 2017 e seguintes que garantan o cumprimento dos prazos da conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña.»

Tres meses despois de tal iniciativa a DIA está aprobada e publicada no BOE, dándose cumprimento ao apartado primeiro, pero a realidade é que o fundamental apartado segundo, relativo á dotación orzamentaria nos Orzamentos Xerais do Estado non tivo acollida nin polo Partido Popular, nin no proxecto de lei de Orzamentos nin tampouco no trámite de emendas, rexeitando as que a tal efecto se formularon na súa tramitación nas Cortes (entre elas, as do Grupo confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea ), consecuencia e





resultado do cal é a inexistencia de dotación real para poder executar as obras, e sen previsión no horizonte temporal inmediato e coñecido.

Non hai dotación orzamentaria nos Orzamentos Xerais do Estado do 2017 para a execución material das obras, e tampouco a hai no Plan de Investimentos de Portos do Estado-Plan de accesibilidade portuaria 2017-2021, ao preverse unicamente 1,1 millóns (previstos no Plan de Empresa 2017 da Autoridade Portuaria, aprobado o 22/12/2016), pero que se corresponden co orzamento referido ás asistencias técnicas (redacción do proxecto construtivo).

3.- Recentemente o Tribunal de Cuentas sinalaba, no seu Informe de Fiscalización da execución pola APAC das obras do porto exterior (exercicios 212-2014) que “En una fase menos avanzada se encuentran los trabajos en materia ferroviaria. La UE exigió para conceder los FC tener contratada la obra del ferrocarril ya que para una adecuada explotación, resultaba prioritario el enlace del puerto exterior con el ferrocarril, por este motivo la APAC contrató en 2006 la realización de un estudio de viabilidad económica para analizar las diferentes alternativas en su financiación, pero PE ha estado reticente para acometer esta inversión....”.

Consideración que se traslada a unha das conclusións, a décimo oitava, do mencionado Informe do Tribunal de Cuentas : “En lo relativo a la intermodalidad y a las conexiones con la zona de Interior, se está construyendo una vía rápida que une el puerto con la red principal de autovías del Estado. Por el contrario, la conexión por ferrocarril, esencial para el futuro desarrollo del puerto exterior, no ha avanzado significativamente y sigue en fase preparatoria. En 2016 la APAC adjudicó el contrato para la redacción del proyecto constructivo del acceso ferroviario por 1.614 miles. Por tanto, en el escenario más optimista, y teniendo en cuenta los tiempos necesarios para la ejecución del proyecto y la



materialización de las obras, el puerto exterior de A Coruña no contará con acceso ferroviario hasta finales del año 2020 o principios del 2021, es decir, diez años después de la finalización del puerto exterior. La financiación para un presupuesto estimado de 132.000 miles de euros procederá de la APAC, dado que la solicitud de fondos europeos para este proyecto no fue seleccionada y tampoco fue incluida en las asignaciones iniciales del Fondo de Accesibilidad Portuario, lo que supone riesgos adicionales a la finalización a tiempo de la conexión ferroviaria y, por consiguiente, al crecimiento del puerto”.

Resulta evidente para o Tribunal de Cuentas, como así tamén consta en todos os informes de viabilidade do Porto Exterior (incluídos os propios da Unión Europea), que a conexión ferroviaria do Porto exterior é condición básica, urxente e fundamental para a viabilidade funcional, operativa e económica do porto exterior.

Un porto exterior sen conexión ferroviaria é unha eiva estrutural que tamén repercute na propia sostibilidade económico-financieira da APAC (autoridade portuaria da Coruña) e condición para poder revertir a situación actual, caracterizada pola insuficiencia de recursos ordinarios de explotación cos que facerlle fronte á elevada débeda a longo prazo (algo máis de 300 millóns de euros, xerada precisamente pola construción de dito porto exterior), parte da cal, por certo, aínda non se comezou a amortizar, o que empeora a perspectiva a curto e medio prazo.

Este Grupo insiste, mais unha vez, en que a mellora da situación patrimonial da APAC debe vir pola xeración de recursos pola súa actividade de negocio, basicamente a radicada no porto exterior, e non pola enaxenación de activos da fachada marítima da Coruña. E resulta esencialmente contraditorio pretender argumentar a necesidade de tal enaxenación nunha insuficiencia de recursos de explotación cando os ingresos derivados de dita explotación están extraordinariamente limitados e sobredeterminados pola inexistente conexión



ferroviaria dun porto exterior. Cuestión esta, a da situación económica da APAC e as súas eivas estruturais e de xestión, que, polo demais, xa foi posta de manifesto en anteriores iniciativas formuladas ante este Parlamento por este Grupo.

Unha conexión ferroviaria que, a maior abundamento, a propia Unión Europea tamén consideraba básica para a viabilidade do porto exterior, tanto cando outorgou os fondos de cohesión como no seu seguimento posterior.

4.- O novo marco europeo de réxime financeiro dos portos, así como o de axudas compatibles (entre elas as de accesibilidade ferroviaria), supoñen unhas novas posibilidades de financiamento para a APAC e para o acceso ferroviario ao porto exterior en particular.

O Regulamento UE 2017/352 do 15 de febreiro de 2017, xa aprobado e publicado (e en vigor, e aplicable a partir do 24/03/2019) polo que se crea un marco para a prestación de servizos portuarios e se adoptan normas comúns sobre a transparencia financeira dos portos, establece un novo réxime económico-financeiro (incluído tamén o relativo a taxas, incluída a de infraestrutura portuaria, e tarifas), así como a contabilización diferenciada e transparente das axudas públicas.

Por outra banda, e de maior transcendencia inmediata, o pasado 17 de maio a Comisión aprobou a modificación do Regulamento 651/2014, no relativo, entre outras, ás axudas en materia de infraestruturas portuarias. Polo que respecta aos portos, os Estados poderán efectuar investimentos públicos de ata 150 millóns de euros nos portos marítimos con plena seguridade xurídica e sen control previo por parte da Comisión, incluído os custos de dragado.

O investimento público (axudas) en accesos ferroviarios, ao ser considerados “infraestruturas de acceso”, son declaradas axudas compatibles e están exentas



do trámite de notificación á Comisión, e dentro delas expresamente as de investimento na construción, substitución ou modernización da infraestrutura portuaria, así como as obras de acceso á mesma (por estrada ou ferroviaria), así como o dragado dos portos.

Dito novo réxime financeiro e de axudas aos Portos devén obrigada e urxente a modificación da normativa estatal portuaria, incluído especificamente o RD 707/2015, de 24 de xullo, do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre , e que posibilite o outorgamento de financiamento e axudas estatais directas á construción, substitución e modernización das infraestruturas portuarias, incluídas as de acceso.

Financiamento e axuda estatal á APAC que non so debe incluír o acceso ferroviario senón tamén incluír o propio financiamento da propia infraestrutura portuaria (Porto exterior) e a correlativa asunción polo Estado-Portos do Estado do principal da débeda que a APAC mantén con dito ente pola construción do porto exterior de Punta Langosteira.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas:

- 1) Vai demandar a Xunta de Galicia do Goberno do Estado-Portos do Estado unha dotación orzamentaria no plan de investimentos para o ano 2017 e seguintes que garantan a execución inmediata das obras de conexión ferroviaria ao Porto Exterior da Coruña?
- 2) Demandará o Goberno galego do Goberno do Estado-Portos do Estado a asunción do principal da débeda que a Autoridade Portuaria da Coruña mantén con dito ente público derivada do préstamo de financiamento para a construción do porto exterior de Punta Langosteira?
- 3) Vai instar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado para que modifique o RD 707/2015, de 24 de xullo, do Fondo Financeiro de Accesibilidade Terrestre, aos



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/08/2017 13:41  
Nº Rexistro: 14644  
Data envío: 28/08/2017 13:41:06.463



efectos de amparar a axuda e financiamento directo de Portos do Estado ás obras de accesibilidade terrestre aos portos?

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2017.

Asdo.: Antón Sanchez García

Marcos Cal Ogando

Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Luca Chao Pérez

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 28/08/2017 13:32:49**

**Marcos Cal Ogando na data 28/08/2017 13:32:55**

**Francisco Casal Vidal na data 28/08/2017 13:33:02**

**José Manuel Lago Peñas na data 28/08/2017 13:33:13**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/08/2017 13:41**  
**Nº Registro: 14644**  
Data envío: 28/08/2017 13:41:06.463



**Luca Chao Pérez na data 28/08/2017 13:33:23**

Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.2      15507(10/POC-002812)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego  
para adaptar os vehículos que prestan o servizo de taxi ás  
persoas con diversidade funcional

*Publicación da iniciativa, 175, 14.09.2017*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/09/2017 09:30  
Nº Rexistro: 15507  
Data envío: 05/09/2017 19:30:31.124

### Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Novoa Iglesias, Gonzalo Trenor López, Diego Calvo Pouso, Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Na actualidade, o sector do taxi enfróntase a unha serie de ameazas que poñen a este colectivo en dificultades para seguir ofrecendo un importantísimo servizo público á sociedade. Estas ameazas xeran inquietude nun sector que achega un importante valor engadido nun territorio cunha poboación de asentamento disperso como é Galicia.

Para minimizar este impacto e para tratar de dar a mellor resposta posible de transporte aos cidadáns, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda vén mantendo reunións periódicas co colectivo do taxi e coas distintas asociacións que os representan de cara a consensuar con este e outros colectivos as distintas novidades normativas e o xeito de colaborar da mellor forma posible desde a Administración autonómica cos profesionais do sector.

O Goberno galego vén apoiando a modernización do sector do transporte de taxi en Galicia de diversos xeitos. Entre eles, de modo significativo, con axudas para a renovación da flota de vehículos en función de determinadas condicións de calidade.

O sector do taxi ten unha grande importancia no transporte de determinados colectivos, como pode ser a mobilidade da poboación no medio rural; as persoas maiores que non dispoñen de vehículo propio ou que xa non están en condicións de conducir por motivos de idade ou saúde; e, como non, o grupo de persoas con dificultades de mobilidade por estar afectadas por algunha diversidade funcional.

É por isto que o grupo de parlamentarios asinantes presentan a seguinte pregunta, **Pregunta Oral para a súa resposta en Comisión:**

- Que medidas ten tomado e prevé tomar a Xunta de Galicia para apoiar a adaptación dos vehículos de taxi ás persoas con diversidade funcional?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2017

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/09/2017 09:30  
Nº Rexistro: 15507  
Data envío: 05/09/2017 19:30:31.124**

**Asinado dixitalmente por:**

**Martín Fernández Prado na data 05/09/2017 19:25:18**

**Jaime Castiñeira Broz na data 05/09/2017 19:25:32**

**Marta Novoa Iglesias na data 05/09/2017 19:25:40**

**Gonzalo Trenor López na data 05/09/2017 19:25:54**

**Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 19:26:07**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/09/2017 19:26:16**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 05/09/2017 19:26:27**

**Antonio Mouriño Villar na data 05/09/2017 19:26:48**

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 30.11.2017                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.3      17239(10/POC-002946)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento do compromiso derivado do Plan de transportes, e a subrogación dos 14 traballadores da anterior concesionaria da liña de autobús da Mariña lucense pola nova empresa adxudicataria

*Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira** e **Paula Vázquez Verao**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2.<sup>a</sup>**

A reestruturación das liñas do transporte público en Galicia provocou que 14 persoas –concretamente na Mariña lucense- quedasen sen traballo, todas elas pertencentes á empresa Arriva Noroeste.

A empresa sucesora, a nova adxudicataria da liña de autobús da Mariña, a UTE Morán-Rodríguez, non subrogou a estes traballadores, aínda que nos pregos de contratación sí que se recollía a obriga da subrogación dos traballadores.

Isto non sucedeu así, polo que estes traballadores oficialmente están cesados pola antiga empresa (Arriva Noroeste), pero non están subrogados pola UTE Morán Rodríguez e non teñen opción a cobrar as prestacións por desemprego, atopándose así no limbo xurídico á espera da resolución da súa situación laboral.

Por todo o exposto os deputados arriba asinantes, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.<sup>a</sup>:

Que pensa facer a Consellería para cumprir co compromiso derivado do Plan de transportes e intervir para que os traballadores sexan subrogados pola empresa adxudicataria?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/09/2017 09:30**  
**Nº Registro: 17239**  
Data envío: 21/09/2017 19:35:07.813

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 21/09/2017 19:34:08**

**Paula Vázquez Verao na data 21/09/2017 19:34:21**

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 30.11.2017                      Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4      17814(10/POC-003000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da súa  
colaboración económica na expropiación de 700.000 metros  
cadrados de montes veciñais en man común para a construción  
dun campo de golf no concello de Baiona

*Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/09/2017 17:35**  
**Nº Rexistro: 17814**  
Data envío: 28/09/2017 17:35:34.065

### Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O pasado catorce de xullo o Concello de Baiona iniciou a exposición pública do proxecto de Plan Especial de Dotación e Infraestruturas As Costeiras (P.E.-4) do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Baiona

No documento publicado establécese como acaída a expropiación, ao corresponder a dotación a servizos xerais, cuantificando a mesma en tres euros o metro cadrado, para un total de 2.027.965 €.

A inquietude da poboación na parroquia de Baredo, onde se ubicaría un campo de golf dentro deste Plan Especial, ten sido elevada, toda vez que no mesmo prodúcense serios inconvenientes para o benestar dos veciños e veciñas.

No estudo económico do Plan Especial determínase que o custe de expropiación non será reembolsado pola concesión ou xestión da infraestrutura, toda vez que se determina un canon anual durante trinta anos de 30.000 €.

Polo anteriormente exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/09/2017 17:35**  
**Nº Rexistro: 17814**  
Data envío: 28/09/2017 17:35:34.065

Ten previsto a Xunta de Galiza colaborar economicamente na expropiación de 700.000 metros cadrados de montes comunais para a construción dun campo de golf no Concello de Baiona?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2017 17:34:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2017 17:34:30**

**Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2017 17:34:32**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 28/09/2017 17:34:33**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 28/09/2017 17:35**  
**Nº Rexistro: 17814**  
Data envío: 28/09/2017 17:35:34.065

**Olalla Rodil Fernández na data 28/09/2017 17:34:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2017 17:34:36**



Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.11.2017                    Hora: 10:30

Orde do día

1.5      19331(10/POC-003172)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da negociación con Sogama e Gesuga do desvío do núcleo urbano de Ordes dos camións que están a transportar o lixo ás súas plantas con fin de evitarlles aos veciños as molestias e incomodidades que ocasionan

*Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2017 12:58  
Nº Rexistro: 19331  
Data envío: 24/10/2017 12:58:06.098

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Hai xa dez anos, o BNG de Ordes levou a cabo unha campaña informativa e de recollida de sinaturas para o desvío do tránsito dos camións que transportan residuos cara á planta de SOGAMA. Compre recordar que naquel entón máis de 3.000 veciños e veciñas do concello de Ordes, apoiaron a iniciativa asinando a petición.

Esta mobilización da veciñanza do concello ten conseguido que se construíse a **rolda leste**, unha alternativa para desviar o tráfico pesado do centro da vila, alternativa que non está a ser utilizada polos camións que transportan refugallos a SOGAMA e GESUGA, que seguen a circular polas rúas do casco urbano de Ordes, sendo especialmente grave a situación na Avenida Alfonso Senra e na Rúa do Recreo.

Recordamos que este tránsito ocasiona molestias na circulación, vibracións, ruídos, cheiros e mesmo vertidos da carga que transportan; iso sen ter



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/10/2017 12:58**  
**Nº Rexistro: 19331**  
Data envío: 24/10/2017 12:58:06.098

en conta a excesiva velocidade coa que circulan pola vila, sobre todo en horario nocturno.

Dado que na actualidade a estrada que comunica Ordes e Cerceda por Virís, é de titularidade da Xunta de Galicia, e que Ordes dispón dunha infraestruturas como a rolda leste, pola cal os camións que transportan os refugallos a SOGAMA e GESUGA poden circular sen atravesar o casco urbano de Ordes, é preciso que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, mantéña negocie con SOGAMA e GESUGA o desvío de ditos camións.

Deste xeito os camións procedentes do norte e que circulen pola N-550, poderían desviarse na rotonda existente no polígono de Ordes para tomar a referida estrada de Ordes-Cerceda por Virís cara as plantas de SOGAMA e GESUGA na vez de transcorrer polo casco urbano de Ordes para ir dar á estrada AC-413.

Os camións procedentes do sur e que circulen pola N-550, poderían tomar a rolda leste ata a rotonda existente no polígono de Ordes evitando do mesmo xeito o seu paso polo casco urbano de Ordes.

E os camións que viñesen pola autoestrada AP-9, poderían do mesmo xeito tomar a rolda leste ata a rotonda existente no polígono de Ordes evitando do mesmo xeito o seu paso polo casco urbano de Ordes.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/10/2017 12:58  
Nº Rexistro: 19331  
Data envío: 24/10/2017 12:58:06.098

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Pensa o Goberno galego iniciar as conversas necesarias para negociar con SOGAMA e GESUGA o desvío do casco urbano da vila de Ordes dos camións que transportan refugallos ás súas plantas para evitar as molestias e incomodidades ós veciños, nos termos recollidos na exposición de motivos da presente iniciativa?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/10/2017 12:58**  
**Nº Rexistro: 19331**  
Data envío: 24/10/2017 12:58:06.098

**Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2017 12:54:35**

**Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2017 12:54:42**

**María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2017 12:54:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2017 12:54:48**

**Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2017 12:54:49**

**Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2017 12:54:51**

**Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos**

**Día: 30.11.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.6 19451(10/POC-003193)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl e 2 máis

Sobre o coñecemento do Goberno galego do recorte levado a cabo no número de prazas do eixe atlántico ferroviario Vigo-A Coruña, en especial os luns e venres, así como os prexuízos que está a ocasionar esta decisión ás persoas usuarias e as súas previsións en relación coa adopción dalgunha medida ao respecto

*Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017*



## Á Mesa do Parlamento

**Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O eixo atlántico ferroviario Vigo – A Coruña constitúe a vía máis importante desta modalidade de transporte público de toda Galicia. Pero os usuarios e usuarias atópanse cada semana con que o número de prazas ofrecidas, principalmente os venres e luns de cada semana, e moi limitado e reduciuse con respecto a épocas pasadas, polo que moitas persoas se ven imposibilitadas de viaxar, a maioría estudantes e traballadores e traballadoras que usan diariamente este medio de transporte.

Así, cada luns os usuarios e usuarias atópanse normalmente con que nos primeiros trens da maña non hai prazas; e o mesmo acontece os venres pola tarde. Esta situación incluso afecta a aquelas persoas que van o día anterior a facer a súa reserva de praza e que en moitas estación non funciona nin sábados nin domingos.

A compañía Renfe debe ser perfectamente coñecedora desta problemática, pero non ofrece solucións pois nin aumenta o número de prazas, nin ten pensado aumentar as frecuencias destes servizos ferroviarios.

O Goberno autonómico non pode ser alleo a esta situación que afecta á cidadanía galega e a moitos turistas que visitan a nosa comunidade, e debe demandar do Goberno do Estado unha pronta solución ao respecto.

Polo exposto, o deputado e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/10/2017 16:48  
Nº Rexistro: 19451  
Data envío: 26/10/2017 16:48:48.523



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ten coñecemento a Xunta de Galicia do recorte no número de prazas no Eixo Atlántico ferroviario Vigo – A Coruña, especialmente os luns e venres que é cando máis demanda hai, así como o prexuízo que isto ocasiona aos seus usuarios e usuarias?

Ten pensado tomar algunha medida para que os usuarios e usuarias non volvan a ter problemas á hora da compra de billetes neste tramo ferroviario?

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2017

**Asdo.:** Raúl Fernández Fernández  
María Luisa Pierres López  
Patricia Vilán Lorenzo  
Deputado e deputadas do G. P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Raúl Fernández Fernández na data 26/10/2017 16:47:40**

**María Luisa Pierres López na data 26/10/2017 16:47:58**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/10/2017 16:48:04**



Reunión da Comisión 2.<sup>a</sup>, Ordenación Territorial, Obras Públicas,  
Medio Ambiente e Servizos

Día: 30.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.7      19894(10/POC-003249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do impulso  
ante o Goberno central da transformación portuaria e  
urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun  
consorcio público que lidere este reto

*Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Begoña Rodríguez Rumbo, María Dolores Toja Suárez, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O día 3 de decembro de 1992 o petroleiro *Mar Egeo* encallaba a carón da Torre de Hércules. En poucas horas 67 mil toneladas de cru bañaban as costas coruñesas e só o cambio de rumbo do vento evitou unha catástrofe por intoxicación masiva na cidade. O dano biolóxico afectou a toda a costa entre a Coruña e Ferrol. Os coruñeses viviron con angustia aqueles días, tendo na memoria aínda a nube do *Urquiola* fundíndose en plena baía.

No ano 1995 a Autoridade Portuaria da Coruña inicia os estudos previos para a construción dunha nova dársena exterior para substituír e mellorar as dotacións do porto coruñés motivado polo crecemento dos tráxicos portuarios, a intensa actividade da refinería, os maiores requirimentos da central térmica e os sucesivos problemas ambientais derivados de naufraxios. Facíase necesario empezar a pensar na necesidade de afastar o groso da actividade portuaria do corazón urbano.

O 19 de decembro de 2002 o *Prestige* partiuse en dous baleirando setenta e sete mil toneladas de cru que se repartiron polas costas galegas provocando un dos maiores desastres ecolóxicos da historia marítima, e xerando un amplo debate sobre a necesidade e radicación de portos refuxio e as condicións de navegación dos petroleiros.

A Coruña non só non foi allea a aqueles debates senón que se uniu coa experiencia dos tres naufraxios recentes e, ademais, coa consciencia de ter no seu subsolo catro barrios e seis quilómetros de canalizacións de gas e cru desde Os Castros ata a refinería.



#### Grupo Parlamentario

É neste contexto cando se consegue a aprobación do Goberno de España o compromiso firme de construción do Porto exterior. O 4 de febreiro de 2004 subscribíse un convenio entre o Goberno central, a Xunta, Adif e os concellos de Arteixo e A Coruña, co que se pretendía:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- Dotar dun marco xurídico os acordos acadados entre as institucións implicadas.
- Aprobar un cronograma provisional de traslado de actividades portuarias do Porto interior ao exterior e a desafectación paulatina dos terreos.
- Prever os usos dos solos ocupados polo porto interior.
- Incluír os ditos solos nas previsións de financiamento do Porto exterior.
- Remitir a redacción dunha modificación do PGOM e un PERI do porto os usos do solo, ata a data ocupado polo Porto interior.

O convenio será aprobado polo Pleno municipal en xullo dese mesmo ano. Dispónse que na Zona 1 (Batería e Calvo Sotelo), a edificabilidade asignada será, polo menos, de 34.458 m<sup>2</sup> edificables, para usos hoteleiro, oficinas e comercial. Dispónse que na Zona 2 (San Diego, incluída estación ferroviaria) a edificabilidade residencia sexa de, polo menos, 344,581 m<sup>2</sup> (275.665 m<sup>2</sup> para libre e 68.916 m<sup>2</sup> para protexida) e 51.687 m<sup>2</sup> para terciario.

O propio convenio recolle que o Ministerio estima “que a reordenación destes terreos, unha vez tramitada a súa desafectación conforme á lexislación vixente, debe servir para a mellora e o desenvolvemento das estruturas urbanas da Coruña, para conseguir un peche da fachada marítima da máxima calidade arquitectónica e para mellorar a seguridade e a calidade medioambiental da cidade.”

O Porto exterior adxudícase o 20 de decembro dese mesmo ano. Seis anos despois estaban finalizados os principais elementos do porto: dique, contradique, viarios e superestrutura do peirao, se ben o acceso ferroviario segue sendo a gran materia pendente.

Atendendo a estas disposicións, o urbanista Joan Busquets redactou un documento de ordenación de terreos portuarios que respectaba a división zonal prevista e que propoñía unha distribución de usos e solos acordados coas disposicións acordadas entre as institucións asinantes.



#### Grupo Parlamentario

Nestes últimos meses o debate en canto ao presente e ao futuro do Porto exterior e da fachada portuaria interior da cidade, regresou a un primeiro plano, con permanentes desencontros entre o Goberno municipal da Coruña, o Ministerio de Fomento, a través de Puertos del Estado e da Autoridade portuaria da Coruña, e mesmo coa utilización por parte do presidente da Xunta de atribucións non competencia da súa administración sobre os usos de solos do porto, deixando en terreo de ninguén o proxecto da cidade.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pero non foron os únicos detonantes da necesidade de arbitrar unha solución:

- A inxuedanza instalada nos sectores profesionais vinculados ao porto pola opacidade do Goberno de España arredor da conexión ferroviaria.
- Os datos de actividade portuaria dos últimos anos non foron os desexados por se ter instalado na Autoridade portuaria unha actitude de conformismo, limitándose a xestionar desde a inercia os tráxicos “cautivos” dependentes das instalacións de carbón o refino e cuxa dependencia acada xa case o 90 % dos tráxicos, sen, ao parecer, propoñerse maiores expectativas. A pesar dos leves incrementos de tráxicos totais, o certo é que as cifras do Porto está en niveis de 2005.
- Os movementos de tráxicos xerais ven como diminúe o seu peso relativo na actividade portuaria, co que isto significa de perda de operadores de carga e de perda de posicións da dársena coruñesa respecto a outras.

Conscientes diso e tamén da importancia secular do Porto na cidade da Coruña, tanto desde o punto de vista económico como social, os socialistas facemos un chamamento ás institucións- Concello, Porto, Xunta, Fomento e Adif –e aos seus responsables, a entenderse e acadar acordos nun momento crucial para a cidade e o Porto Exterior e desenvolver os pasos necesarios para a posta en marcha dun Consorcio Público que lidere os traballos necesarios para unha correcta desafectación dos terreos e a súa necesaria reordenación.

Os desencontros actuais entre administracións non solo non contribúen a mellorar o posicionamento económico da cidade e o do porto, senón que contribúen a un debate mal intencionado e interesado que trata de desacreditar unha infraestrutura necesaria, moderna e chamada a ser o motor económico do norte de Galicia, ao tempo que demora a necesaria transformación da fachada marítima da Coruña.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 08/11/2017 11:45  
**Nº Rexistro: 19894**  
Data envío: 08/11/2017 11:45:45.814



**Grupo Parlamentario**

Por todo os deputados e as deputadas que asinan conscientes da importancia do Porto Exterior da Coruña e a súa natureza estratéxica respecto á economía da cidade e da comunidade autónoma, preguntan:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Que previsións ten o Goberno galego para impulsar diante da Administración do Estado a transformación portuaria e urbanística da cidade da Coruña mediante a constitución dun ente consorcial público que lidere este reto?

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/11/2017 11:41:38**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/11/2017 11:41:57**

**Raúl Fernández Fernández na data 08/11/2017 11:42:02**